

O Inverno de Vivaldi



Lucía Alcalde Lorenzo

DATOS TÉCNICOS

Título completo: AS CATRO ESTACIÓNS: O Inverno, Movimento nº1 (Allegro non molto).

É unha obra para solista (violín) con acompañamento orquestral. É moi característica do Barroco.

Autor: Antonio Vivaldi

Ano composición: 1723-1725 (aproximadamente)

Período musical: Barroco

Forma musical: Concerto solo, é dicir, para un instrumento solista (neste caso, o violín é o solista) acompañado por unha orquestra. Esta forma xurdiu no Barroco e foi moi importante e utilizada.

Funcionalidade: Foi composta con un carácter descritivo ou programático, que lle servía ao autor para describir a través da música as estacións do ano (neste caso, parte do inverno).

Versión escoitada: <https://www.youtube.com/watch?v=omvyNmfuC-g> (ata o 3' 30'')

BIOGRAFÍA DO AUTOR: ANTONIO LUCIO VIVALDI (1678-1741)

- Venecia o 4 de marzo de 1678 - Viena o 28 de xullo de 1741 (63 anos). Popularmente coñecido como compositor e violinista, pero tamén foi impresario, profesor e sacerdote Católico.

Era apodado *Il prete rosso* (O cura vermello) porque era sacerdote e pelirroxo.

Unha das figuras máis importantes da Historia da Música, o especialista do estilo concerto.

É tamén especialmente conocido por ser o autor da serie de concertos para violín e orquestra **As Catro Estacións**.

Estes foron os primeiros catro concertos dun total de 12, titulados en conxunto *Il cimento dell'armonia e dell'inventione*.

En total, compuxo unhas 770 obras, entre as cales se encontran máis de 400 concertos e casi 46 óperas.



Foi, dende neno, inducido á música, sendo seu pai (**Giovanni Battista Vivaldi**) un moi bo violinista. Cando Vivaldi era pequeno, recorreu Venecia con seu pai tocando os dous xuntos o violín. Tamén existe a probabilidade de que Vivaldi fora discípulo de **Giovanni Legrenzi**.

En 1693, cando tiña 15 anos, comezou a estudar para ser sacerdote. Ingresou nun seminario e recibiu varias ordes relixiosas: ostiario (1693), lector (1694), exorcista (1695) e acólito (1696). Finalmente foi ordenado sacerdote en 1703, cando tiña 25 anos.



San Giovanni Battista

Setembro de **1703**: mestre de violín no Ospedale della Pietà en Venecia (25 anos). Durante os seguintes 30 anos compuxo alí gran parte das súas obras.

Tras o traballo de Vivaldi no orfanato, as orfas acadaron grande popularidade como cantantes. Unha das súas alumnas, Anna Girò, triunfou como cantante de ópera en 1720.

1718: xiras por Italia e outras partes de Europa, déronlle aínda máis popularidade como violinista.

Viaxou con súa irmá e a súa alumna ata os últimos anos da súa vida, cando morreu totalmente empobrecido.

A súa música caeu no esquecemento ata **1920**, cando cobrou de novo un grande auxe.

Anécdota: un dos seus maiores problemas cando era neno foron os seus problemas respiratorios (asma) e máis enfermidades que mostraban un neno enfermizo, incluso tiña problemas cardíacos, pero puido saír adiante e desenvolver a súa obra.



ANÁLISE MUSICAL DA OBRA:

Melodía: típica do Barroco, por saltos e con algúns adornos. A melodía é, neste caso, descritiva, xa que a través dela móstrase a escena que se quere ensinar.

Ritmo: regular e moi ben marcado. Compás de 4/4.

Textura: combínanse dous tipos. Na maioría das partes orquestrais utilízase a homofonía pero ás veces, nas partes máis importantes do solista hai melodía acompañada. Neste caso, Vivaldi fixo que a orquestra participe no desenvolvemento da obra e non só sexa para acompañar.

Harmonía: a súa tonalidade é Fa menor.

Timbres: utilízanse instrumentos típicos da orquestra barroca, son de corda: violas, violonchelos e violíns, acompañados dun clave. Este facía o papel de baixo continuo. Móstrase un gran virtuosismo.

Dinámica: son baseado entre o contraste piano e o forte. Ás veces prodúcese bruscamente. Os tempos van variando en función da parte da canción, segundo o que se queira transmitir.

Forma: concerto solo, unha das formas máis utilizadas no Barroco e da que Vivaldi foi gran seguidor. O violín (solista) leva a voz cantante e está acompañado polos demais.

ANÁLISE:

1- Comezo (00:00 - 00:35): mostra o frío da neve xeada cunha introdución da orquestra con acordes disonantes, mostrando como cae a neve. Transmite un ambiente xélido.



2- (00:35 - 00:56): comeza unha tormenta terrible. Toca o violín solista unha melodía de escalas descendentes e arpexios (anuncian a tormenta). Acompaña a orquestra marcando a harmonía e o ritmo (imita ao vento).



3- (00:56 – 01:10): progresión harmónica de toda a orquestra (simula o tremor do frío). Dá entrada ao tema principal.



4- (01:10 – 01:25): a orquestra toca figuras rápidas que evocan tremor e calafríos. Hai 2 fragmentos: un representa correr polo frío (repítese a mesma nota) e outro os pés golpeando (hasta x4 veces).



5- (01:25 – 02:10): representación dos ventos. Volve o violín solista con progresións a bases de notas breves (simbolizan o tiritar). Acompañado pola orquestra (ráfagas racheadas).

6- (02:10 – 02:37): tema do principio, con harmonías disonantes. Ambiente xélido. Finaliza esta parte a base de intervalos breves. É unha forma de mostrar o efecto do frío de diversas maneiras.

7- (02:37- 03:05): pretende mostrarse o chasquido dos dentes a través de figuras cortas e pequenos intervalos.

8- (03:05 – 03:30): reexponse o tema principal, levado a cabo pola orquestra, e engádeselle unha coda (final), coa que se cerra o frío e axitado primeiro movemento do inverno. Cálcase.



OPINIÓN CRÍTICA:

- Logra transmitir os efectos do frío, vento ou tormenta a medida que vai utilizando os diferentes instrumentos. Ás veces, aparecen cadencias que van a dar lugar a outra melodía querendo transmitir outra sensación, o que crea máis sorpresas e somerxe ao oínte dentro do ambiente que pretende mostrar.
- Cumpre a funcionalidade xa que é capaz de describir esa parte da estación máis fría do ano, o inverno. Cando a escoitas, se te fixas, podes darte conta en todo momento da sensación que quere transmitir (especialmente notable no tremor ou no vento).
Formas que o autor ten de crear todas esas sensacións son a alternancia da orquestra co solista, os cambios de velocidade ou os silencios.